



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. 977/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25 DE FEBREIRO DE 2021.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 19 de febreiro de 2021.

BENESTAR SOCIAL

- 2.- Expediente de contratación para a subministración e implantación dunha plataforma "on premise" para a xestión integral dos expedientes do servizo de benestar social e o hardware necesario para o seu despregamento. Expte. 210165/301.

CONTRATACIÓN

- 3.- Proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas. Expte. 3275/611.
- 4.- Proposta de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento aplicacións externas (Contabilidade 2021). Expte. 9348/113.
- 5.- Proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal. Expte. 9070/113.
- 6.- Proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía". Expte. 581/441.

IGUALDADE

- 7.- Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2021.
- 8.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades. Expte. 10569/224.

MEDIO AMBIENTE

- 9.- Dar conta dos contratos menores dos servizos de Medio Ambiente, Sanidade, Consumo e Laboratorio dende o 1 outubro ao 31 decembro 2020. Expte. 15225/306.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 10.- Proposta de Resolución do Recurso de reposición interposto pola Asociación Folclórica Cultural e Veciñal Andarela contra acordo de outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá do ano 2020". Expte. 998/320.

PATRIMONIO HISTÓRICO

- 11.- Proposta de aprobación do proxecto do 7º Programa de Medianeiras. Expte. 10194/307.

ASUNTOS URXENTES

- 12.- APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "OBRADOIRO DE EMPREGO FORMAWEB IV", ELABORADO POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17998/77.

- 13.- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO MIXTO DE OBRA E SERVIZOS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "IMPLANTACIÓN DE VIA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZAIZ 2a FASE". EXPTE. 701/441.

- 14.- APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA A TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTELERÍA NO DOMINIO PÚBLICO NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 118041/210.

- 15.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. 977/1102

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes aos expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **25 de febreiro de 2021, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese aos Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e aos demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para os efectos de información.

CCA/rs

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez